



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Delegación de competencias da área de Cultura

ANTECEDENTES

- 1 Na Resolución núm. 558/2023 do 6 de xullo de 2023 acordei encomendar as delegacións da Alcaldía e reservar como propias ás relativas a Cultura, entre outras.
- 2 Nesa mesma resolución acordei delegar na concelleira Raquel Fondo Pérez a área de Deportes, delegación que foi ampliada por RA 705/2023 do 29.08.2023 ás áreas de Normalización lingüística e Patrimonio
- 3 Por motivos organizativos é preciso que delegue a área de Cultura.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais lexislación concordante.
- Artigo 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo anterior, RESOLVO:

- 1 Delegar na concelleira Raquel Fondo Pérez a area de Cultura na que terá a facultade de dirixir e xestionar todo o relacionado co fomento e a planificación cultural do Concello de Ponteceso xunto coas xa previstas na Resolución do 29 de agosto de 2023 Esta delegación non inclúe a facultade de resolver fronte a terceiros mediante actos administrativos sen autorización do gasto.
- 2 Deberá exercer a delegación nos termos e dentro dos seus límites e non poderá delegala noutro órgano ou noutra/o concelleira/o.
- 3 A delegación terá efecto dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no BOP e da potestade da avocación da Alcaldía, conforme o artigo 44 da do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- 4 Notificarlle esta resolución á concelleira Raquel Fondo Pérez e entender aceptada de forma tácita a competencia delegada se non manifesta oposición no prazo de 24 horas seguintes.
- 5 Dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar do presente decreto.

Documento asinado electrónicamente ao marxe, ante min , A Secretaria , aos efectos do artigo 3.2 do Rd 128/2018

O Alcalde,
Jose Manuel Mato Martínez

Ante min, a Secretaria
Antía Pena Dorado.